


Tallón é un decidido cultivador, como Philip Roth, da poética do “lixo persoal”, cre que as propias miserias alicerzan unha escrita auténtica. Pero sobre esa base de partida, estende cando lle cadra toda clase de invencións.

Un posible Tallón

Manuel Darriba Texto



O 9 de outubro do 2015, os escritores galegos Juan Tallón (Vilardevós, 1975) e Manuel Darriba (Sarria, 1973), atopáronse no Club Charenton de Vigo para falar sobre as súas visións do traballo literario. A Asociación de Escritores en Lingua Galega convocáraos por correo electrónico, poucos meses antes, a un ciclo de diálogos bautizado como “Afinidades electivas”. Ningún dos dous lera a esa altura un libro do outro; carecían polo tanto de afinidade, e moito menos electiva. Certo que Darriba escoitara falar de Tallón a un amigo común, que o consideraba un autor singular na literatura galega, dotado de humor sutil e unha clara inclinación ao metaliterario. Con esa boa perspectiva, e animado ademais polos títulos, leu as novelas “A pre-

gunta perfecta”, “Fin de poema” e “El váter de Onetti”. Tratábase de textos cuxa materia prima eran a vida do autor e as vidas e mortes doutros colegas de oficio. Trala lectura apenas lle quedou unha dúbida leve, que o propio Tallón aclararía no traxecto en coche entre Ourense e Vigo. O “Juan Tallón” que aparece en “El váter de Onetti”, a primeira persoa da “Pregunta perfecta”, posúen elementos claramente biográficos; Tallón é un decidido cultivador, como Philip Roth, da poética do “lixo persoal”, cre que as propias miserias alicerzan unha escrita auténtica. Pero sobre esa base de partida, estende cando lle cadra toda clase de invencións. O “eu” literario e o “eu” civil nunca chegan a fundirse de todo; por moito que a prosa discorra ao ras da biografía. Entremedias con-

crétase unha alquimia que sublima as miudezas do chamado “mundo real”. E nesa atención ao detalle mísero, na visión microscópica, Tallón alcanza a percorrer todo o arco da experiencia humana. O escritor compórtase como alquimista que agocha na rebotica un arsenal de filosofía. Ante a vertixe da prosa, e a medida que avanzaba no asunto, Darriba sentiu aparecer unha sospeita: os dous grandes eidos temáticos de Tallón, a vida e a literatura, son para el unidade de destino. Tallón converte a vida en literatura, e ao tempo aproveita a literatura como vehículo portador de vida; e en canto vehículo, desprázase nel a vontade. Pódese dicir que o itinerario en tres novelas _a aquela altura, todo o corpus narrativo de Tallón_ fora finalmente un proceso de seducción. Pero chegados ao encontro, e ao longo da charla, a afinidade acabou de revelar-se dun xeito completo. Tallón, na liña do seu amigo César Aira, estaba disposto a defender que o imperativo categórico do escritor-artista, sexa máis ou menos torpe, é dicir o que nunca se dixo. Cando o público do encontro requiriu detalles de método, Tallón pronunciou a frase total; desas que aparecen raramente e merecen repetirse: “Escribo os libros que non sei escribir”. Darriba pensaría moito niso en meses e anos posteriores: “Os libros que non sei escribir”.

Epílogo: Tallón, frustrado polo rexeitamento de premios e editoriais do “sistema literario galego”, traduciu e publicou en castelán “O váter de Onetti”. A día de hoxe, non ten intención de escribir máis literatura en idioma galego.